




Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



*Alfonso R.  
Castelao*

**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro" .Centro Cultural "As Torres" . Avenida Emilia Pardo Bazán, 17.  
15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ




O ilustre e polifacético intelectual Afonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (*o nome para a familia e para os íntimos sería Daniel. Cando xa era home, el mesmo adoptou como nome público Alfonso R. Castelao, e como nome artístico, sinxelamente Castelao*) é a figura máis relevante da Historia da Galiza do século XX. Naceu en 1886 en Rianxo e, con once anos, tería que saír da súa vila para coñecer de perto o mundo da emigración na Pampa arxentina.

*“Son fillo dun mariñeiro, neto dun carpinteiro. Emigrei coa miña nai cando tiña nove anos ao Plata. Coñecín ao meu pai en Buenos Aires, crieime na Pampa, e alá na Pampa Central sempre falei galego coa miña nai...”*



De regreso a Galiza, concluíu o Bacharelato e iniciou os estudos de Medicina (1903-1909). Nesta altura encontramos un Castelao mozo moi dinámico, participando nalgúns episodios teatrais, pintando caricaturas e asisitindo á tertulia do Café Gijón.

Con Emiliano Balás e Ramón Garaboa,  
actor de teatro en galego



En 1910 comezou a traballar como médico rural na súa vila, mergullándose na política local. Mais a profesión médica non conseguiu satisfacelo e unha crise de cegueira en 1914 precipitou o seu afastamento da Medicina. Foi o mesmo Castelao quen chegou a dicir que deixara a medicina polo seu amor á humanidade. Mais tivo que retornar a ela en 1918 a conta dunha epidemia de gripe que o levou por meses a ser médico en Rianxo.

**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro”**. Centro Cultural “As Torres”. Avenida Emilia Pardo Bazán, 17.  
15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



En 1912 casa con Virxinia Pereira, unha moza da Estrada con quen ten un fillo, Alfonso Xesús que nace en xaneiro de 1914.

*“O artista verdadeiro non é creador das súas obras boas. Non é máis que o pai delas, e ten ben poucos motivos para sentirse deus, pois o primeiro sorprendido diante dunha obra de arte é o mesmo autor, como o pai que queda pasmado diante da fermosura dun fillo acabadiño de nacer”.*



Pronunciou unha serie de conferencias como artista plástico. Concorrou para entrar no Instituto Xeográfico e Estatístico de Pontevedra e gañou en 1916 unha praza de funcionario.

Dende o ano seguinte, alternaría o novo traballo co de profesor auxiliar de debuxo no Instituto Xeral e Técnico da cidade. Para entón, Castelao é xa un artista recoñecido e o seu labor está centrado no mundo das artes plásticas: exposicións (estampas *Nós*) e conferencias ("Algo acerca da caricatura").

Mais tamén son anos de reflexión sobre as relacións entre a Arte e a Terra, reflexións que exporá na conferencia *Arte e Galeguismo* (1919) e que coallarán definitivamente despois da viaxe que, en 1921, realiza por Europa (*Diarios de Arte*). A partir deste momento, a plástica facilitará a entrada da literatura: *Cousas da vida* (1922), *Cousas* (1929), *Os dous de sempre* (1934), *Retrincos* (1934).

*“A caricatura, pol-o seu destino popular e a súa esencia democrática, é o arte máis axeitado para propagar ideas e sentimentos en Galiza. Por iso eu fíxenme caricaturista no tempo en que os oradores embaucaban ó pobo”.*

**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” .Centro Cultural “As Torres” . Avenida Emilia Pardo Bazán, 17. 15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org) <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**



Bibliotecas Pùblicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ




No àmbito persoal, un dramàtico feito golpeou no máis profundo da vida do matrimonio cando o seu fillo Alfonso morreu dunha neumonía en Pontevedra en xaneiro de 1928.

*“Os que queremos...como amigo entrañable, a Castelao, non sabemos hoxe nin como achegarnos a el para pedirlle serenidade”.*

O funeral de corpo presente celebrouse o 4 de xaneiro na igrexa de San Bartolomé.

Unha perda da que hoxe sabemos que Virxinia nunca se recuperou ao conservar parte dos restos do seu fillo con ela para no futuro poder descansar xuntos. [Así roubou Virginia os ósos do seu fillo](#)



**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” .Centro Cultural “As Torres” . Avenida Emilia Pardo Bazán, 17.  
15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



Nestas circunstancias, viaxa a Bretaña en 1929.

Desde os anos vinte, Castelao debuxa e recopila cruceiros atraído pola arte popular das cruces de pedra.

*Virxinia Pereira fotografada por Castelao en 1929, durante á viaxe á Bretaña para estudar ás súas cruces de Pedra.*

Do seu estudo das cruces bretonas e galegas chegará a súa entrada na Academia Galega.

*“Consideramos como actos bárbaros os atentados á vida dos idiomas. ¿Qué diríamos se o Estado mandase derrubar o Pórtico da Gloria? Pois eu digo que o noso idioma é unha obra de arte mil veces superior á obra do mestre Mateo. Creouna o xenio inviolable do noso pobo, labrouna o amor, a dor e a ledicia de moitísimas xeracións. Unha lingua é máis que unha obra de arte ; é matriz inesgotable de obras de arte”.*

Coa chegada da República e a fundación do Partido Galeguista, sumarase ao Castelao artista o Castelao político. En 1931 foi elixido deputado por Pontevedra nas Cortes Constituíntes e defendeu en Madrid iniciativas do programa galeguista. A finais dese ano 1931 Castelao contribuíu con numerosos mitins por todo o país á unificación e consolidación do noso nacionalismo. Porén, en 1934 foi desterrado a Badaxoz, onde comezará a redixir o *Sempre en Galiza*. Por fin o rianxeiro regresa a Pontevedra.

Convocadas eleccións en 1936, consegue o escano con maior número de sufraxios da provincia pontevedresa. Nos anos da guerra, comprometeuse enteiramente coa defensa da legalidade republicana. É a época dunha maior radicalización do antifascismo e do sentimento patriótico en Castelao, que se reflicte nos álbums de guerra (*Galiza Mártir, Atila en Galiza, Milicianos*), de grande difusión internacional.

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



Símbolo do nacionalismo galego, desenvolveu unha actividade continua no exilio. O goberno da República encoméndalle unha campaña de mitins por diversos estados da unión americana.

Acompañado de Luis Soto, o seu secretario político, e de Virxinia, Castelao viaxa á República de Cuba. Unha visita ligada á xira polos Estados Unidos que en La Habana tomou un sesgo distinto ante o enorme potencial da colonia galega emigrada.

*Soto, Virxinia e Castelao subindo ao avión  
que os levaría a Cuba*



O líder nacionalista foi recibido en novembro de 1938 con grandes honores e entusiasmo por centos de compatriotas e líderes republicanos exiliados seguindo o chamamento da habaneira Hermandad Gallega.

Logo da xira cubana, volta a Nova York onde en setembro de 1939 recibe, por parte dos galeguistas exiliados e emigrados de Bos Aires e Montevideo a xefatura partidaria e moral do galeguismo en América. Un mandado político decisivo para que Castelao optara por viaxar á Arxentina e fixar definitivamente á súa residencia en Buenos Aires, a cidade que agrupaba o maior número de galegos da diáspora migratoria.

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



*“Sería parvo agachar a miña condición de desterrado político ; pero eu xúrovos que soio me sinto emigrante dende que cheguei a este país, como se saíra de Galiza voluntariamente, empurrado pol-a ilusión de atopar unha vida mellor. E como emigrado xa me incorporei á colectividade galega, para sentir os seus propios afáns e soñar co retorno á Terra que nos dou ser”*

O final da segunda guerra mundial encheu de esperanzas as forzas democráticas e galeguistas exiliadas. Castelao intensificou o seu traballo político con vistas á sesión das cortes republicanas no exilio de 1945 en México que ao fin refrendaron o Estatuto de Autonomía. Un protagonismo que o leva ata París para entrar a formar parte do Goberno Giral como ministro sen carteira entre 1946 e 1947. Tras unha etapa de grande expectativa entrou nun período de enorme desencanto que non superaría durante a súa permanencia en París en exercicio do novo cargo.

Nos primeiros meses do ano 1949, detectóuselle un cancro no pulmón que o afastou da actividade pública. En 1950, ano en que se dissolve o Partido Galeguista, falece en Bos Aires.

Foi soterrado con pompa e honras de xefe de estado, alí, no exilio, lonxe da terra. Nunca puido voltar a Galicia.



Polas rúas de Bos Aires, camiño do Panteón do centro Galego

Cerimonia fúnebre no salón principal do Centro Galego



# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



*“Como lle queremos á Terra! Eu de min sei decirvos que si despois de morto tivese que voar máis alá das estrelas visibles para ir a un ceo tan lonxano da Terra, de boa gana renunciaría á inmortalidade para rematar a miña vida debaixo d-unha laxe e convertirme en herbas ventureiras”.*

*Houbo que agardar a 1984 para trasladar os restos de Castelao á súa terra. Hoxe repousa, en Compostela, no Panteón dos Galegos Ilustres, en Santo Domingo de Bonaval.*



**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” .Centro Cultural “As Torres” . Avenida Emilia Pardo Bazán, 17. 15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org) <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**





Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



# A SÚA OBRA

### NARRATIVA

- **Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete** (*Relato ou novela curta- 1922*)

Nesta primeira obra, Castelao preséntanos as memorias escritas por un esquelete nun cemiterio de cidade e que o enterrador lle entrega a el. Desde o propio prólogo, o autor sitúanos perante unha obra de humor macabro:

*Iste enterrador tense por home de ben e cóntame cousas tráxicas que fan rir e cóntame cousas de rir que arrepían.*

Mais o humor non é un fin en si mesmo, senón unha forma de analizar criticamente a realidade. O narrador das memorias tivera en vida un ollo de vidro, o cal lle permite ver na súa existencia de ultratumba.


Así, vainos presentando pequenos cadros con personaxes que levan consigo á cova a súa ideoloxía, a súa forma de vivir, etc. Encontramos entre estes personaxes unha ridícula namorada que morreu de amor, un zapateiro que morreu de saudade por non poder cantar nun orfeón, uns políticos centralistas que se negan a falar en galego, un fracasado na emigración, un inglés que pensa que todo se arranxa con diñeiro... e, como remate, un vampiro que todas as noites se levantaba para chupar sangue aos vivos e que *“Era..., jera un cacique!”*



# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



- **Cousas** ( *Relatos* : 1926-1929)



O conxunto de Cousas está formado por un total de corenta e cinco textos, todos eles acompañados dun deseño intimamente relacionado co tema do texto.

A obra, publicada inicialmente en xornais e revistas, foi recollida logo en dous volumes nos anos 1926 e 1929. Tal vez sexa unha das obras máis orixinais da literatura galega, mesmo pola dificultade para a adscribir a un xénero literario concreto, xa que nela aparecen **elementos narrativos e líricos**. Nalgúns casos semella que estamos perante contos e noutros ante poemas en prosa. O propio Vicente Risco, ao se publicar a obra, escribiu:

*Mesmamente, cómpre telo por criador dun xénero literario: os contiños curtos, verdadeiras novelas nunha páxina, dun humorismo tan fondo, dunha intensidade trágica tan punxente, dunha poesía tan extraordinaria, que para atoparmos algo que se lle asemelle, temos que ir á literatura rusa (Gorki, Andreieff) ou á literatura irlandesa (Synge, Lord Dunsany).*

Destaca aquí Risco unha característica fundamental desta obra e do estilo do autor: **a síntese**. Igual que nos seus debuxos, nos que Castelao busca con trazo firme mais simple resaltar os trazos fundamentais, en Cousas tamén se atopan textos moi pulidos, concentrados, nos que se seleccionan só os elementos esenciais: os máis grotescos, cando constrúe un relato caricaturesco e satírico (o pequeno burgués alcohólico Romualdo); os de maior tenrura, cando o texto ten unha finalidade lírica: "Chámanlle a Marquesiña" ou "A vella non para de gabar a súa felicidade". Ao servizo deste afán de síntese está tamén a construción oracional: frases breves, moi equilibradas e en perfecta harmonía, claridade conceptual e riqueza léxica a partir dunha lingua popular que o autor pole e mima sen chegar nunca á artificiosidade.



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011


# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



A pesar desa mestura de humorismo, narración, sátira e lírica, Cousas está concibido cunha clara **intención realista**. Así, encontrámonos cos problemas das novas artes de pesca, introducidas en Galicia pola burguesía noso mundo mariñeiro: ruína, necesidade de esmola, alcoholismo.

Observamos tamén o gravísimo tema da emigración: os fracasados que só traen consigo a enfermidade e a morte, como “O pai de Migueliño”. Mais tamén cando o emigrante triunfa, as consecuencias son nefastas: a desintegración do mundo, de que se parte.

A problemática da muller tamén aparece no libro. Desde a muller fidalga que só ten como función social reproducir a súa clase e que, frustrada a súa maternidade, é un ser inútil (“[Vou contarvos un conto triste](#)”), até a muller popular que, solteira e cunha filla, nos deixa ver que o matrimonio non é necesario para a felicidade (“A vella non para”).



En xeral, Castelao móstrase crítico cun progreso que vén provocado pola acumulación de capital e que, lonxe de traer a felicidade, pode provocar a inxustiza, a infelicidade e mesmo situacións irracionais ás persoas que se obsesionan coa consecución de diñeiro (“O vello Saramaguiño”, “O fillo de Rosendo”).

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



- **Retrincos** (*Relatos : 1934*)

É unha colección de cinco contos, escritos entre 1909 e 1934, que o propio Castelao nos presenta como autobiográficos:

*"...eu ofrèzovos hoxe uns anacos da miña vida e prégovos que os tomedes por certos e verdaeiros; pero se coidades que son mentiras perdóovos por adiantado"*

CASTELAO



O Segredo  
O Inglés  
O Retrato  
Sabela  
Peito de Lobo

Os dous primeiros ("O segredo" e "O inglés") están situados na súa infancia na Pampa. Os tres restantes ("Peito de Lobo", "O retrato" e "Sabela") ubícanse en Galicia e, máis concretamente, en Rianxo.

Como nas demais obras narrativas de Castelao, a narración realista aparece salpicada de elementos humorísticos e líricos.

Retrincos

(CINCO CONTOS)



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



- **Os dous de sempre** (Novela :1934)  
**(obra que comentaremos na sesión do 24 de maio)**

Esta novela está centrada na vida de dous protagonistas desde a infancia á madurez, con dúas personalidades contrapostas:

- **Pedriño**, fillo máis vello dunha familia pobre, críase cunha tía que o mima e o protexe excesivamente. De natureza pusilánime, vago, inactivo, a súa única aspiración é comer moito traballando o menos posíbel.

Tras unha serie continuada de fracasos (estudios, traballo, emigración na Pampa arxentina a onde marcha obrigado pola sogra), consegue, por intercesión da sogra ante o alcalde, un posto de traballo cómodo, onde *“pasa unha vida folgada e feliz, porque xa vai sendo vello e o ventre pídelles menos comida”*.

- **Rañolas**, eivado das pernas, está condicionado tamén pola súa orixe familiar: A súa nai *“era ladra, borracha e candonga. O seu pai... nin a mesma nai podería decir quen fora”*. Superando estes obstáculos, Rañolas móstrase como unha persoa aguda, activa, emprendedora, capaz de deixar atrás as maiores dificultades. A súa ilusión é ter unhas pernas coas que se erguer do chan (cousa que consegue cunhas pernas ortopédicas en París, onde ademais se fai reloxeiro). Cando Rañolas ve colmadas as súas aspiracións (as pernas e saber un oficio) regresa a Rianxo, mais comeza a se sentir infeliz e escravo do traballo, porque perdera a liberdade con que pasara a vida anterior. O sentimento de fracaso empúrrao ao suicidio.

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



*“De pouco lle podían valer as aparencias de home libre, cando de certo vivía en cadeas, a traballar engoumado. Desexos lle daban de saír outra volta a cabalo dun burro, a torrarse de sol polos camiños. Rañolas non quería ser un difunto co corazón andando, un reló máis da relojería, unha máquina de corda para contar o tempo que pasa. Os relós serían felices; pero el era un home devecido de liberdade”.*

*Os dous de sempre* está estruturado en corenta e catro capítulos, protagonizados de forma alterna uns por Pedriño e outros por Rañolas, excepto uns cantos en que ambos se encontran en Rianxo. A técnica narrativa desta *novela* é semellante á de *Cousas*, xa que cada capítulo é como un relato breve con autonomía propia, aínda que exista unha unidade buscada entre todos.

A crítica sempre mantivo un pulso sobre se *Os dous de sempre* pode definirse como novela. **Ricardo Carballo Calero** (*Historia da literatura galega contemporánea. Galaxia, 1975 ; páx. 657*) sitúaa dentro da novela no subxénero picaresco, de prestixiosa tradición e xeralizado recoñecemento e que, sen dúbida, está na base das orixes estruturais de *Os dous de sempre*.

## Novela si ou non?

Segundo o crítico literario **Bajtín**, a novela é un exercicio literario, un xénero en pleno proceso de formación, á procura dos seus nidos sinais de identidade.

Nestas circunstancias, ten que ser a narrativa un exercicio en constante busca, un atrevido experimentalismo que, ao tempo que se vale dos xéneros establecidos para parodios e tomalos como modelo no seu camiño de conformación, sérvelles de revulsivo, mentres que estes imitan a novela no que conleva de modernidade e atrevida heterodoxia.



Bibliotecas Púlicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



**Xesús Alonso Montero** afirma (*Castelao*. Akal, 1975) que Castelao é o creador dun subxénero narrativo, as “cousas”, porque desta particular maneira de contar e destas estruturas han participar todas as obras narrativas do escritor.

O que si ten claro case toda a crítica é que a mensaxe esencial de toda a obra de Castelao é de natureza social e política e que para tal fin se valeu de moi diversos medios e técnicas, nalgún caso, con grande orixinalidade, que chegou a dominar de xeito moi eficaz.

...vos que opinades??

**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro”**. Centro Cultural “As Torres”. Avenida Emilia Pardo Bazán, 17.  
15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>



## TEATRO

- **Os vellos non deben de namorarse (1941)**

No ano 1921 Castelao realizou cunha bolsa de estudos unha viaxe a Francia e Alemaña e tivo a oportunidade de coñecer a arte e o teatro vangardista europeo. Alí puido comprobar cómo o texto se fundía coa música, a luz, a danza e unha decoración chea de cores. De aí tomou a súa idea (que transmite a Risco e Otero Pedrayo) do teatro como un espectáculo global en que se integran, a carón do texto, todos os elementos citados. En *Diario*, 1921 aparecen algunhas ideas que se plasmarán logo en *Os vellos non deben de namorarse*, única obra teatral de Castelao. Comezada antes da Guerra Civil, non foi rematada e estreada ata 1941 en Buenos Aires (no exilio de Castelao) e publicada en 1953.



A obra divídese en tres lances de estrutura e tema moi semellantes: tres vellos ricos (un pequeno burgués, un fidalgo e un labrego acomodado) que se namoran de tres mozas pobres e que por intentaren conseguir o seu amor acaban morrendo. A obra termina cun epílogo en que os tres vellos, despois de mortos, dialogan no cemiterio sobre a vida das súas “namoradas”.

A obra ten un tema esencialmente trágico (o vello que se aferra á vida, representada na frescura das mozas), mais está tratado dun xeito humorístico e crítico: os vellos, confiados no poder do seu diñeiro e cegados polo amor, chegan a ser obxecto de burla, non só por parte das mozas, senón tamén por parte do pobo. En todos os lances existen tamén uns mozos, dos que as rapazas están namoradas. E en todos aparece tamén a morte como un personaxe.



# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



## ENSAIO

As obras ensaísticas de Castelao teñen temas moi diversos. *As cruces de pedra na Bretaña (1930)* e *As cruces de pedra na Galiza (1950)* son estudos sobre os cruceiros (orixe, ubicación, motivos ornamentais) desde o punto de vista artístico e desde o etnográfico.





*Diario 1921* recolle impresións sobre a arte, a literatura, o teatro e, en xeral, sobre a Europa que el coñeceu nesa viaxe.

Ora ben, a obra máis significativa no campo ensaístico é *Sempre en Galiza (1944)*, escrita entre 1935 e 1947 (Postumamente publicouse en Arxentina unha nova edición que incluía capítulos escritos con posterioridade á 1ª edición de 1944).

Nesta obra, Castelao expón o seu pensamento político nacionalista e demostra a existencia de Galicia como unha nación por posuír os elementos fundamentais que a constitúen: idioma propio, territorio diferenciado, vida económica propia e cultura autóctona.

Define Castelao, moi claramente, o seu compromiso político e destrúe a imaxe que del se quixo dar como a dun artista e escritor que se viu forzado á actuación política. O escritor, o artista, o humorista, o caricaturista e o político son elementos indisociábeis nun home que viviu por e para o seu país e que en *Sempre en Galiza* afirma con claridade e contundencia: “*Sendo galego non podo ser máis que galeguista*”.



# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



## OBRA GRÁFICA


### Castelao artista. Los fundamentos de su estilo

<http://www.descubrirelarte.es>

Paula Pita

(artigo recollido na revista "Descubriendo el arte" debido aos actos conmemorativos dos '100 anos de Castelao en Pontevedra' no Museo de Pontevedra, onde se organizou a exposición **Castelao Artista. Os fundamentos do seu estilo 1905-1920**)

En 1916 Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886- Buenos Aires, 1950) llegaba a Pontevedra para ocupar una plaza como funcionario del Instituto Geográfico y Estadístico. Dos años antes, una ceguera le había obligado a abandonar su carrera como médico; una profesión que no le colmaba. Nada hacía presagiar entonces que la estancia en la ciudad del Lérez determinaría el futuro de un hombre destinado a convertirse en símbolo del nacionalismo gallego, y en la figura cultural y política más relevante de Galicia en el siglo XX.



A derradeira lección do mestre

Inquieto, culto, e interesado por la política, Castelao pronto se integró en el ambiente intelectual pontevedrés, ingresando en las recién fundadas *Irmandades da Fala*, unas agrupaciones de ideología nacionalista cuyo primer objetivo consistía en recuperar y reivindicar el uso del gallego en todos los ámbitos sociales y culturales. El contacto con las *Irmandades*, llevó a Castelao a adoptar un hondo compromiso con el nacionalismo gallego, que afloró tanto en sus obras literarias como en su producción artística. **En el discurso de presentación de *Sempre en Galiza* en Buenos Aires, en 1944, describió su arte como «...un elemento, un recurso, un medio de expresión, e co lapis ou a pluma só quixen ser un intérprete fiel do meu pobo, das suás dores e das súas esperanzas. Dibuxei sempre en galego; escribín sempre en galego; e se tiráde-lo que hai de galego e de humano na miña obra no había quedar nada dela».**

**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro" .Centro Cultural "As Torres" . Avenida Emilia Pardo Bazán, 17. 15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org) <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



Bibliotecas Pùblicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Ademàs de brillante político y escritor, Castelao desarrolló desde joven una singular carrera como artista plástico, desputando como dibujante y caricaturista. La exposición organizada por el Museo de Pontevedra propone un análisis de su primera etapa creativa -calificada por Alonso Montero en la introducción de la edición de 1974 del *Álbum Nós* como de "prehistoria"-, durante la cual explora sus capacidades técnicas y desarrolla un estilo propio que servirá de base a sus trabajos más revolucionarios. Aquellos que corresponden a su "historia". Hijo de su tiempo, encontró sus primeros referentes artísticos en el pintor simbolista Xesús Corredoyra, considerado por sus contemporáneos como el primer representante de la escuela pictórica gallega. Castelao nunca dotó a su obra de la espiritualidad y la vocación trascendente de Corredoyra, pero se dejó influir por algunos rasgos de su pintura, como la estilización de las figuras, su carácter lineal, y una paleta restringida, dominada por las tonalidades frías y gamas oscuras a partir de las cuales creará ambientes oníricos. Este influjo se vuelve más evidente en obras concretas como *A dona do Pazo* (ca. 1912- 1915), un retrato de su esposa donde, a las características señaladas, une la mirada directa de la retratada al espectador. Desde un punto de vista conceptual, se reconocía seguidor de Valle-Inclán, con quien compartía un espíritu crítico (aunque de corte burgués), el interés por lo grotesco y las imágenes distorsionadas de la realidad como herramienta para destacar los defectos de la sociedad de su tiempo, y su regionalismo idealista.

Junto con sus influencias, uno de los primeros aspectos de la obra de Castelao abordados en la exposición es la elaboración de su identidad artística a partir de su autocaricatura -convirtiendo las gafas, el sombrero y su estatura en sus señas-, y de su personal firma, que evolucionó hasta la adopción definitiva de su segundo apellido en 1908. Desde sus primeras obras queda patente su habilidad para el dibujo, mostrando un trazo firme, preciso y limpio que contribuyó a hacer de la caricatura su medio de expresión más eficaz y natural; hasta el punto de emplearlo en distintas técnicas, formatos y medios: dibujo a lápiz y tinta, acuarela, pastel, grabado, óleo, ilustraciones para prensa,... e incluso en **pinturas de gran formato**.



“Autocaricatura”, 1914,  
grabado/ serigrafía. 65 x 30'50



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011


# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



Otra característica de la obra de Castelao es la atención que presta a la sociedad que lo rodea. En lienzos como *No faetón de Rianxo a Santiago* (1908) pone de manifiesto una aguda capacidad para captar la esencia de los tipos sociales de su tiempo: una burguesía frívola y ensimismada –a la que él pertenecía-, un clero bien alimentado y ajeno a los problemas de su grey, o el campesinado, humilde pero de inteligencia viva. Aunque en estas obras falta la implicación personal que marcará su trabajo a partir del *Álbum Nós*, se detecta ya un posicionamiento de Castelao en favor de estos últimos, presentados con mayor dignidad y respeto. La mirada humorística de estos primeros años encerraba una vocación humanista que no desarrolló –como mucho mostró algunos destellos-, hasta que definitivamente orientó su vida hacia la política y se adscribió al nacionalismo gallego. Galicia, representada en sus gentes, tradiciones, y circunstancias económicas, políticas y sociales, constituyó el eje de su producción artística. Pero en esta primera etapa, el autor ofrece todavía una visión pintoresca del pueblo gallego ligada al costumbrismo idealizante propio de la Generación del 98. Este tratamiento distante se reconoce en el tríptico *Unha festa na aldea* (1909), que obtuvo la Medalla de Oro de la *Primera Exposición Regional Gallega*.

Entre los hitos personales de estos años se encuentra su matrimonio con Virginia Pereira, una joven natural de la localidad pontevedresa de A Estrada, en 1912. De sus estancias en la zona han quedado pequeños óleos, dibujos y acuarelas de monumentos del entorno, como el ábside de la iglesia parroquial de Ouzande, la Torre de Guimarei, o los puentes de piedra. Estos elementos arquitectónicos descontextualizados sirvieron a Castelao (junto a hórreos y *cruceiros*), como prototipos o *topoi* a partir de los cuales ambientar sus escenas en Galicia. Incluso en caricaturas como *Consello de pai* (ca. 1914). La muestra enmarca su consolidación artística entre 1913 y 1915, siendo en este momento cuando desarrolla las potencialidades formales y conceptuales de su quehacer creativo. En 1914 sufrió un acceso de ceguera que superó gracias a una operación.

## TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



A raíz de su enfermedad realizó sus **obras de ciegos**, a quienes llegó a denominar "*meus compañeiros*". Surgía entonces un aspecto inédito en la trayectoria de Castelao, por primera vez se implicaba directamente con el tema tratado, expresando un compromiso con un colectivo marginal al que en 1915 dedicó dos trípticos: el *Tríptico de Ciegos*, pintado para el Hotel

Balneario de Mondariz y que en esta ocasión se expone con un montaje envolvente que busca introducir al espectador en el paisaje; y *Cuento de Ciegos*, con el cual ganó la Tercera Medalla de la Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid. Ambas obras presentan las características formales de la pintura de Castelao: la estilización de las figuras, su linealidad, los colores planos, y el predominio del decorativismo. Además constituyen un buen ejemplo de su concepción del paisaje, el género formalmente menos logrado de su pintura pero interesante en su planteamiento: con una paleta en tonos fríos que remite a la pintura de Patinir, la presencia de los mencionados *topoi*, y un tipo de composición y tendencia a las tintas planas que evidencian su conocimiento del paisaje de las estampas japonesas.

Uno de los atractivos de la muestra reside en la posibilidad de contemplar reunidos por primera vez todos los cuadros de gran formato de Castelao conservados en Galicia. Una tipología que abandonará a partir de 1917. Tras el gran tríptico procedente de Mondariz, se exponen sus últimas pinturas monumentales. *O emigrante* y *O regreso do indiano* (ambos de 1916), que adornaban las paredes del Nuevo Café de Vigo, arrojaban (como si de una advertencia se tratase) una mirada crítica sobre la emigración, que él conocía de primera mano, anticipando un asunto recurrente en sus futuras obras de compromiso social.



Bibliotecas Pùblicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



El tema de estas obras contrasta con la literaria *Tentación de Colombina* (1917), realizada para el Café Royalty de Pontevedra y considerada su principal obra modernista; además de la última, pues nuestro protagonista se encontraba en vías de abandonar para siempre el decorativismo idealista, la pintura al óleo y el gran formato, para poner su arte al servicio de causas más elevadas.

Castelao realizó los lienzos para los cafés cuando se encontraba ya afincado en Pontevedra. Su presencia e integración en la vida social de la ciudad se refleja en la muestra a través de los retratos de sus vecinos más insignes, las ilustraciones para el diario *El Noroeste* y demás prensa local, o los diseños realizados por encargo de instituciones destacadas, como los menús para una cena en el Liceo Casino pontevedrés. El carácter desenfadado, en ocasiones frívolo, de estos trabajos contrasta con el tono del *Álbum Nós*, que elaboraba contemporáneamente. Compuesto en Pontevedra entre 1916 y 1918, y expuesto por primera vez A Coruña en marzo de 1920, este conjunto de 50 dibujos supuso un antes y un después en la producción artística del de Rianxo. Tras entrar en contacto con las *Irmandades da Fala*, inició su militancia en el nacionalismo gallego, hecho que operó un cambio en su concepción de las manifestaciones artísticas.

En 1919 firmaba *Arte y Galeguismo*, texto donde defendía la necesidad de crear un arte que pudiera ser definido como gallego y que estuviera al servicio de Galicia y sus gentes. A partir de este momento su arte se volvió combativo, y en él ya no tenían cabida lo anecdótico o superficial. Como consecuencia de su cambio ideológico su estilo artístico se transformó. El idealismo y el decorativismo de sus primeros años (la prehistoria) ya no servían a sus nuevos intereses, desapareciendo en favor de un lenguaje formal más conciso, claro, y directo en que la caricatura se convirtió en el único medio de expresión capaz de lograr una síntesis entre lo formal y conceptual. De materializar su compromiso político y social con Galicia.

[pincha aquí para ver unha lista de debuxos e cadros de Castelao](#)

**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro"**. Centro Cultural "As Torres". Avenida Emilia Pardo Bazán, 17.  
15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ



**Fontes**

<http://bvg.udc.es>

<https://www.edu.xunta.gal>

<http://www.descubrirelarte.es>

**Para saber máis**

**[Fundación Castelao](#)**

**Biblioteca e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro" .Centro Cultural "As Torres" . Avenida Emilia Pardo Bazán, 17.  
15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**